Galicia Encantada



Fauna

CONTA ÁLVARO CUNQUEIRO: Por que o raposo se chama Afonso?

CONTA ÁLVARO CUNQUEIRO "Asegúrase que o animal máis antigo no país galego é o raposo. E por iso é o único entre todos os mamíferos da galaica fauna que sabe a lingua galega, co que, tendo o ído moi fino, oe aos que del falan. Sabe catro nomes seus: golpe, raposo, zorro e 'xatentendo'. Cando se fala do raposo hai que darlle nomes seus que el ignore. Por exemplo, Pedro, Perico, 'Xamescurro'. E a un amigo moi perito en vulparias e lunarias (o señor Cordal), que en paz descanse, preguntáballe eu porque tamén se lle chama Alfonso, Afonso, ao raposo:

-—Polo rei de Castela, hom. Oíndo falar o golpe de Afonso colle medo e toma campo. Se fósemos todos tan avisados!".

Nota: A traducción é nosa.

BIBLIOGRAFÍA

Cunqueiro, A., "*Una ventana"*, La Voz de Galicia, 15 de marzo de 1959.

COMENTARIOS ENVIADOS

Incluo este conto-anedota e as referências na edição comentada de A Luz Ressuscitada, de Manuel Maria, que estou a preparar. Sorte

Enviado por António Gil Hernández o 15/02/2025 ás 12:05:52